







Cadea de subministración

Engloba todos os procesos que permiten a transformación de materias primas en produtos e servizos rematados, que, posteriormente, son ofrecidos e distribuídos ao consumidor para satisfacer a súa demanda. É distinto para unha empresa industrial ou comercial.



Custos	Custo de adquisición	Resultado de multiplicar a cantidade mercada polo prezo. Pode haber descontos por cantidade comprada.
	Custos de pedido ou de renovación	Teñen que ver coa xestión do pedido: dende a chamada de teléfono ata os portes, os seguros no transporte, etc.
	Custo de almacenamento ou mantemento	Alugar locais, pagar ao persoal dedicado ao almacén, enerxía, as minguas e perdas de valor dos produtos almacenados. Ademais hai uns custos financeiros.
	Custos de ruptura	Prodúcese cando a empresa queda sen inventarios.

MODELOS DE XESTIÓN DOS INVENTARIOS: Modelo de Wilson, Modelo ABC, Just-in-Time

MODELO DE WILSON

Serve para calcular o pedido óptimo, que é aquel volume de pedido que fai **mínimos os custos totais de aprovisionamento**.

Supostos:

1. A demanda do produto é constante e coñecida.
2. O proveedor sempre tarda o mesmo en servir o pedido.
3. As entradas e as saídas son constantes.
4. O prezo de cada unidade de produto é constante.
5. O custo de almacenamento é proporcional ao nivel medio de unidades almacenadas.
6. O custo de xestión de cada pedido é constante e independente do seu tamaño.
7. Non hai roturas de stocks.

A súa forma gráfica é denominada "dentes de serra".


Sendo:

Q: Volume de pedido óptimo.

R: Nivel de existencias en almacén cando se realiza o pedido (sumadas ao nivel de seguridade)

S: Stock de seguridade.

L: Prazo de aprovisionamento, tempo que tarda en chegar o que é constante.



Pedido óptimo:

$$Q = \sqrt{\frac{2KD}{g}}$$

D: Demanda anual de artigos vendidos ou que entran no proceso de produción.

g: Custo unitario de almacenamento anual.

K: Custo de realización de cada pedido.

n: Número de pedidos ao ano. $N = D/Q$.

Os custos totais do aprovisionamento: $C_t = C_g + C_a$

Custo de xestión do pedido: $C_g = k \times (D/Q)$

Custo de almacenamento: $C_a = g \times [S + (Q/2)]$

MODELO ABC

É frecuente que, aproximadamente o 20% do total dos artigos, representan un 80% do valor do inventario, mentres que o restante 80% do total dos artigos inventariados alcanza o 20% do valor do inventario total.

O método ABC consiste en dividir as existencias totais en tres categorías (A, B e C):

Artigos A: Se se esgotasen poderían deter a produción. Control estrito e detallado.

Artigos B: Aqueles artigos de importancia secundaria.

Artigos C: Os de importancia reducida.

JIT (JUST-IN-TIME)

Método asociado ao período da reconstrución da economía xaponesa despois da II Guerra Mundial.

Fundaméntase na fabricación baixo pedidos en firme: a produción desenvolverase en función da demanda. Consiste en minimizar as existencias de materiais e de produtos terminados, podendo chegar a anulalas practicamente. A

MÉTODOS DE VALORACIÓN DAS EXISTENCIAS

Método do prezo medio ponderado (PMP)

É o máis utilizado e consiste en calcular o valor medio das existencias, utilizando a media ponderada $PMP = (Q_1 \times P_1 + Q_2 \times P_2 + Q_3 \times P_3 + \dots) / (Q_1 + Q_2 + Q_3 + \dots)$

Método FIFO (primeira entrada, primeira saída) (first-in, first-out)

Valora as existencias ao prezo das máis antigas, as primeiras que entraron no almacén.

Método LIFO (última entrada, primeira saída) (last-in, first-out)

Valora as existencias ao prezo das últimas que entraron no almacén. Xa non está admitido no novo Plan Xeral de Contabilidade. *Só en teoría, non hai práctica.*

LEMBRA que na ficha do almacén o valor das existencias reflíctese a prezo de adquisición ou custo de produción, polo que o prezo de venda non se ten en consideración (é un dato informativo).